XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

**Instituto de Educación Secundaria**
Rúa Fernández Losada s/n 32800 CELANOVA
Tef. **431565 / 431460 FAX: 988431460**
Correo Electrónico: ies.celanova@edu.xunta.es

IES CELANOVA

| | | | |
|---|---|---|---|
| DEPARTAMENTO DE | FILOSOFÍA | | |
| MATERIA | **HISTORIA DA FILOSOFÍA** | CURSO | 2º BACH. |

| MARCO LEGAL |
|---|
| Currículo de HISTORIA DA FILOSOFÍA, no DOGA do Luns 23 de Xuño de 2008 |

## MÍNIMOS DE OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

**Obxectivos mínimos:**

- Coñecer os períodos da historia da filosofía e os seus representantes fundamentais.
- Recoñecer as cuestións que ocuparon permanentemente a filosofía ao longo da súa historia, utilizando con propiedade os conceptos adquiridos.
- Comprender a vinculación entre o pensamento dos distintos autores e outras manifestacións da actividade humana do seu contexto histórico: socioeconómicas, políticas, científicas e artísticas.
- Elaborar exposicións orais e composicións escritas acerca de temas determinados con claridade, corrección, plenitude e autonomía, exercitando na medida do posible unha reflexión persoal.
- Comentar textos filosóficos analizando con rigor os seus conceptos e teses e comparándoos coa postura defendida noutros textos de diferente autoría acerca dos mesmos temas.

**Mínimos de criterios de avaliación:**

- Ordenar e situar cronoloxicamente os períodos, problemas, autoras e autores que se estudan, identificando as súas características distintivas e establecendo as relacións correspondentes.
- Relaciona-los problemas filosóficos coas principias condicións socioculturais nas que aparecen e ás que pretenderon dar resposta.
- Expoñer por escrito os aspectos dunha teoría filosófica individual, dunha escola ou período de forma completa, clara e coherente.
- Analizar textos filosóficos identificando a súa estrutura, teses e argumentos e mais explicando os seus conceptos no marco do pensamento correspondente.
- Utilizar comprensivamente un vocabulario técnico específico en todas as actividades realizadas.

### Contidos mínimos:

**Platón.**

- Marco histórico e filosófico da filosofía platónica e aristotélica.
- A teoría platónica das ideas:
    - Mundo sensible e mundo intelixible.
    - Graos de coñecemento.
- O ser humano e a sociedade.
    - Antropoloxía platónica.
    - La concepción política de Platón.

**Aristóteles.**

- Crítica da doutrina platónica.
- A teoría da natureza. A teoría hylemórfica no seo da physis.
- A ética aristotélica: *ethos* e praxe, o concepto de *areté.*

- A idea de polis e a condición de cidadán.

**San Tomé e S.Agostiño.**

- .Marco histórico e filosófico da filosofía medieval.
- O problema entre razón e fe en Santo Agostiño e en San Tomé.
- Lei divina, lei natural e lei positiva en San Tomé.

**O racionalismo e o empirismo: Descartes, Locke e Hume.**

- Marco histórico e filosófico da filosofía moderna.
- **Descartes**: O problema do método: a idea de substancia en Descartes e o problema da veracidade divina.
- A teoría do coñecemento empirista fronte ao racionalismo: o fenomenismo e a crítica da idea de causa en **Hume**.
- A idea de "estado de natureza" como fundamento ideolóxico do novo estado burgués: a teoría do contrato social en **Locke**.

**Kant.**

- Marco histórico e filosófico da filosofía de Kant.
- A idea kantiana de Ilustración.
- A síntese entre racionalismo e empirismo en Kant.
- O formalismo moral.

**Marx.**

- Marco histórico e filosófico da filosofía de Marx.
- O concepto de alienación.
- A análise da mercancía e o concepto de plusvalía.
- O materialismo histórico.

**Nietzsche.**

- Marco histórico e filosófico da filosofía de Nietzsche.
- O método xenealóxico.
- Crítica da cultura occidental: O nihilismo.
- A vontade de poder e o Superhome.

## MATERIAL E / OU RECURSOS ORDINARIOS:

- Apuntamentos do profesor.
- Textos dos autores seleccionados.

## PLAN DE LECTURA:

A) LECTURA

Lectura de textos dos autores explicados ao longo do curso (Platón, Aristóteles, S. Agostiño, S. Tomé, Descartes, Locke, Hume, Kant, Marx, Nietzsche) e realización de actividades de comprensión e explicación. Tomaráse como referencia os textos enviados polo Grupo de Traballo de Historia da Filosofía para as PAU, aínda que tamén se manexarán textos que non están en dita coleción.

B) PELÍCUALAS

***El nombre de la rosa***. J.J.Annaud, 1986. Biblioteca → 791 ANN nom

***Un hombre para la eternidad***. Fred zinnemann. Biblioteca → 791 ZIN hom

***Galileo***. J. Losey. Biblioteca → 791 LOS gal

| CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC |
|---|
| Para potenciar o uso das TIC tratamos de utilizar, na medida do posible, o ordenador e o proxector de que dispoñemos en cada clase: proxección de esquemas dos temas, de textos para comentar. Tamén facemos consultas ao longo do curso á páxina web da Ciug e animamos aos alumnos a que a consulten para estar ben informados sobre todo o relativo as probras PAU. Ao mesmo tempo, na páxina Web do Centro, o Departamento de Filosofía vai colgando información e contidos para a súa consulta e utilización nas clases e por parte dos alumnos: programación, textos dos diferentes autores do programa, esquemas dos temas, información sobre as PAU... |

## ESPECIFICACIÓNS

| 1ª AVALIACIÓN | | | |
|---|---|---|---|
| BLOQUE TEMÁTICO OU UNIDADE DIDÁCTICA | SESIÓNS | APARTADOS / ACTIVIDADES | RECURSOS MATERIAIS ESPECÍFICOS |
| BLOQUE I: FILOSOFÍA ANTIGA | | **1. As orixes da filosofía.**<br>• A formación da polis grega.<br>• Os primeiros intentos de explicación racional: os presocráticos.<br>• Os sofistas e Sócrates.<br>**2. Platón.**<br>• A teoría platónica das ideas:<br>  • Mundo sensible e mundo intelixible.<br>  • Graos de coñecemento.<br>• O ser humano e a sociedade.<br>  • Antropoloxía platónica.<br>  • La concepción política de Platón.<br>**3. Aristóteles.**<br>• O tránsito cara ao mundo helenístico.<br>• Crítica da doutrina platónica.<br>• O proceso de abstracción fronte ao acceso dialéctico ás ideas de corte platónico.<br>• A teoría da natureza. A teoría hylemórfica no seo da physis:<br>  • A *kínesis* ou cambio. Os principios do cambio.<br>  • A teoría causal.<br>  • Xerarquía de seres e modos de ser.<br>  • O motor inmóbil.<br>• A ética aristotélica: *ethos* e praxe, o concepto de *areté.*<br>• A idea de polis e a condición de cidadán. | Apuntamentos do profesor.<br>Textos de Platón e Aristóteles. |

| 2ª AVALIACIÓN | | | |
|---|---|---|---|
| BLOQUE TEMÁTICO OU UNIDADE DIDÁCTICA | SESIÓNS | APARTADOS / ACTIVIDADES | RECURSOS MATERIAIS ESPECÍFICOS |
| BLOQUE II: FILOSOFÍA MEDIEVAL | | **4. O contacto entre filosofía e relixión cristiá: Santo Agostiño de Hipona e San Tomé de Aquino.**<br>• Helenismo: Filosofía e cristianismo.<br>• As novas ideas fronte ao mundo grego.<br>• A noción de Escolástica e o nacemento da Universidade.<br>• A recepción de Aristóteles. Averroes e o averroísmo latino.<br>• O problema entre razón e fe en Santo Agostiño e en San Tomé.<br>• Lei divina, lei natural e lei positiva en San Tomé. | Apuntamentos do profesor.<br>Textos de Santo Agostiño e San Tomé.<br>Proxección da película "El nombre de la rosa" de U.Eco. |
| BLOQUE III: FILOSOFÍA MODERNA | | **5. O Humanismo e o Renacemento como tránsito á modernidade.**<br>• Renacemento e Reforma. A xénese do Estado moderno.<br>• A revolución científica. A vinculación do empirismo e o racionalismo ca revolución científica.<br>**6. O racionalismo e o empirismo: Descartes, Locke e Hume.**<br>• **Descartes**:<br>  • O problema do método.<br>  • O problema da veracidade divina.<br>  • A idea de substancia en Descartes.<br>• A teoría do coñecemento empirista fronte ao racionalismo: o fenomenismo e a crítica da idea de causa en **Hume**.<br>• A idea de "estado de natureza" como fundamento ideolóxico do novo estado burgués: a teoría do contrato social en **Locke**. | Apuntamentos do profesor.<br>Textos de Descartes, Hume e Locke. |

<table>
<tr><th colspan="4">3ª AVALIACIÓN</th></tr>
<tr><th>BLOQUE TEMÁTICO OU UNIDADE DIDÁCTICA</th><th>SESIÓNS</th><th>APARTADOS / ACTIVIDADES</th><th>RECURSOS MATERIAIS ESPECÍFICOS</th></tr>
<tr><td>BLOQUE III: FILOSOFÍA MODERNA</td><td></td><td>7. A ilustración: o idealismo transcendental de Kant.<br>• Factores políticos, sociais e culturais que no século XVIII conducen á Ilustración.<br>• As novas ideas: progreso, educación ou iluminación, humanidade, civilización, natureza.<br>• Características da razón ilustrada.<br>• A idea kantiana de Ilustración.<br>• A síntese entre racionalismo e empirismo en Kant.<br>• O formalismo moral.</td><td>Apuntamentos do profesor.<br>Textos de Kant.</td></tr>
<tr><td>BLOQUE IV: FILOSOFÍA CONTEMPORÁNEA</td><td></td><td>8. Marx: a crítica do capitalismo.<br>• As influencias do socialismo utópico, da esquerda hegeliana e da Economía política.<br>• Revolución industrial e movemento obreiro.<br>• O nacemento das ciencias sociais.<br>• O concepto de alienación.<br>• A análise da mercancía e o concepto de plusvalía.<br>• O materialismo histórico.<br>9. Nietzsche: a crise da razón ilustrada.<br>• Un novo marco científico: evolucionismo e positivismo.<br>• A herdanza da Ilustración.<br>• O método xenealóxico.<br>• Crítica da cultura occidental: O nihilismo.<br>• A vontade de poder e o Superhome.<br>10. A filosofía analítica e outras correntes filosóficas do século XX.<br>11. A filosofía en España.<br>12. O pensamento galego.</td><td>Apuntamentos do profesor.<br>Textos de Marx e Nietzsche.</td></tr>
</table>

<table>
<tr><td colspan="8">INSTRUMENTOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN</td></tr>
<tr><td>Avaliación</td><td colspan="2"></td><td colspan="4">Nº de exames por avaliación</td><td>1 ou 2</td></tr>
<tr><td colspan="3">Exames de recuperación</td><td>SI</td><td>X</td><td>NON</td><td colspan="2"></td></tr>
<tr><td colspan="3">Valoración normas de expresión CCP</td><td>SI</td><td>X</td><td>NON</td><td colspan="2"></td></tr>
<tr><td rowspan="2">Nota (%)</td><td>Exame</td><td>80</td><td>Actividades na aula</td><td>10</td><td>Actitude</td><td colspan="2">10</td></tr>
<tr><td>Outros criterios</td><td colspan="6">Se durante algún dos exames realizados ao longo do curso se sorprende a algún alumno copiando por calquera procedemento irá a un exame final de toda a materia no mes de Maio.</td></tr>
<tr><td colspan="2">NOTA FINAL XUÑO</td><td colspan="6">Nota media das tres avaliacións + evolución do alumno ao longo do curso.<br>Non se fará media e, polo tanto, o alumno non aprobará a materia, se se produce abandono nalgún dos exames realizados durante o curso (considerarase que se produciu abandono cando o alumno non superou nese exame a nota dun 2 sobre 10).<br>Ademais dos exames de recuperación que se vaian facendo ao longo do curso haberá un exame final de recuperación en maio para aqueles alumnos que aínda lles quede algunha parte pendente. A este exame non pderán presentarse aqueles alumnos que non aprobaran un mínimo de dous exames durante o curso.</td></tr>
<tr><td colspan="2">ACTIVIDADES NA AULA A VALORAR</td><td colspan="6">- Realización de comentarios de texto.<br>- Elaboración de esquemas e resumos.<br>- Realización de cuestionarios sobre as películas recomendadas.</td></tr>
<tr><td colspan="2">ACTITUDE (Breve informe das actitudes a ter en conta)</td><td colspan="6">- Asistencia a clase.<br>- Atención ás explicacións do profesor e participación activa e positiva nas clases (consultando dúbidas, respondendo ás preguntas, ...).<br>- Preocupación pola correcta realización das actividades encomendadas.</td></tr>
<tr><td colspan="2">ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN</td><td colspan="6">Para aqueles alumnos que cursen 2º de Bacharelato e teñan pendente a Filosofía de 1º de Bach. consultar a Programación adxunta.</td></tr>
</table>

<table>
<tr><td colspan="3">ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES</td></tr>
<tr><td>1º TRIMESTRE</td><td>2º TRIMESTRE</td><td>3º TRIMESTRE</td></tr>
<tr><td></td><td></td><td></td></tr>
</table>

| ATENCIÓN Á DIVERSIDADE |
| --- |
| |